REGULAMENTO VIII CARREIRA POPULAR CONCELLO DE CARIÑO

A proba denomínase VIII Carreira popular Concello de Cariño. É unha proba pertencente ao IV Circuíto provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña.

Esta carreira pretende crear e fomentar un hábito de vida saudable entre a poboación, abandonando o sedentarismo, previndo e reducindo a incidencia das súas enfermidades asociadas, y ofrecendo a posibilidade de ocupar de forma saudable o seu tempo de ocio.

Vaise celebrar o sábado 20 de agosto, dende as 18 horas no Paseo marítimo de Cariño e o recorrido e totalmente cha nun circuíto de ida e volta no que se irán cubrindo as distancias de cada unha das categorías que son as que seguen, e que cubren as categorías prescritas das probas pertencentes ao Circuíto provincial e a maiores contemplan as categorías pitufos e prebenxamíns.

	CATEGORÍA	NADOS/AS	DISTANCIA	HORA DE SALIDA
MENORES	Pitufos	2012 ou menores	100 m.	19:10 Aprox.
	Prebenxamín	2009-2010-2011	300 m.	19:20 Aprox.
	Benxamín	2007-2008	500 m.	19:30 Aprox.
	Alevín	2005-2006	700 m	19:45 Aprox.
	Infantil	2003-2004	1050 m.	20:00 Aprox.
	Cadete	2001-2002	2100 m.	20:15 Aprox.
	Xuvenil	1999-2000	6300 m.	18:00 Aprox.
ABSOLUTA	Júnior	1997-1998	6300 m.	18:00 Aprox.
	Promesa	1994-1995-1996	6300 m.	18:00 Aprox.
	Sénior	1982-1993	6300 m.	18:00 Aprox.
	Veterano 1	1977-1981	6300 m.	18:00 Aprox.
	Veterano 2	1967-1976	6300 m.	18:00 Aprox.
	Veterano 3	1957-1966	6300 m.	18:00 Aprox.
	Veterano 4	1956 e maiores	6300 m.	18:00 Aprox.

Haberá categorías tanto masculinas como femininas e entregarase medallas ós 3 primeiros clasificados de cada proba (masculina e feminina).

A inscrición é gratuíta e farase a través da páxina web www.carreirasgalegas.com, rematando o prazo ás 23.59 horas do xoves 18 de agosto. Os dorsais poderán retirarse o mesmo sábado na saída (cobertizo do paseo marítimo) ata media hora antes da proba.

Non poderán tramitarse inscricións o mesmo día.

A organización asegurará a provisión de bebidas aptas para a práctica deportiva na meta e puntos intermedios, e os participantes que o desexen, poden ducharse no polideportivo municipal.

No restante seguirase a normativa de aplicación no IV Circuíto de Carreiras Populares da Deputación da Coruña, tanto no tocante ao réxime disciplinario como a o de premios.

Para máis información no teléfono 981420216.

NOTA: Esta proba pertence ao IV Circuíto provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña no que colabora a Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13 15008 A Coruña